



Estimadas familias:

Tal e como se reflexa na ***Instrución 1/2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional*** será usuario lexítimo do transporte escolar gratuito o alumnado con domicilio fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, esté a unha distancia deste **superior a 2 km,** calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios. Deste mesmo xeito, para manter a condición de usuario lexítimo, é necesario que se faga uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso 2021/22. De non ser así, perdería esta condición.

Ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con prazas vacantes e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar excepcionalmente o uso do servizo aos seguintes colectivos, **sempre que esto non comporte modificación das rutas existentes, nin creación de novas paradas, nin incremento de duración do traxecto, nin incorporación da figura do acompañante:**

1º. O alumnado cun domicilio situado a unha distancia do centro inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada.

2º. O alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por área de influencia fixadas en función dos seus domicilios familiares.

3º. Ao alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado (este alumnado poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar e sempre que concorran os requisitos enunciados ao comezo deste parágrafo)

Deste xeito, **todos os usuarios do transporte escolar deberán cubrir a solicitude que lles corresponda** (os que teñen dereito, renovarán a súa solicitude de usuarios lexítimos e os que non teñen dereito, a de parada excepcional). En todo caso a parada debe ser a mesma que a destes anos, só se poderá modificar argumentándoo de xeito xustificando e debe coincidir co padrón presentado no centro no momento da matrícula, salvo que houberse cambio de domicilio ao longo da escolaridade.

A aquelas familias que se lles concedeu de maneira excepcional a parada por un curso, deben volver a solicitala novamente para o vindeiro curso.

Aquelas familias que desexen solicitar unha parada nova deben saber, tal e como se cita no punto 4 desta instrucción que ***“con carácter xeral non se autorizarán desviacións nos itinerarios de transporte escolar e/ou introdución de novas paradas en distancias inferiores a 2 km, nin fóra da zona de influencia do centro... en todo caso as peticións de cambio nos itinerarios de transporte existentes e de creación de paradas deberán obrigatoriamente presentarse cos datos de xeolocalización que correspondan na aplicación www.google.maps”***

Segundo o **punto 7 desta instrucción:**

“ Cos cambios sociais e económicos experimentados nos últimos tempos, as novas situacións familiares atopáronse con incompatibilidades horarias na conciliación da vida laboral e familiar, así como custodias parentais compartidas, en casos de separacións e divorcios.

Co fin de abordar as problemáticas citadas e darlles resposta administrativa axeitada, habilitouse a posibilidade excepcional de asignar a un mesmo alumno/a dúas paradas diferentes das distintas rutas de transporte escolar, no caso de que existan prazas baleiras e cando as paradas solicitadas existan nos itinerarios e en ningún caso supoña a creación dunha parada nova nin alteración do deseño da ruta afectada.

Porén, esta **dobre asignación de paradas** distintas a favor dun mesmo alumno/a require a previa presentación, por parte das persoas que exercen a titoría e ostentan a garda e custodia do menor transportado, dunha xustificación axeitada das razóns que avalan a necesidade familiar aducida. Para isto é preciso que exista o seguinte:

1º. Petición formal e expresa, asinada polas persoas titoras do alumno transportado, que ostenten a súa garda e custodia.

2º. Xustificación acreditativa das situacións laborais e familiares que requiren da asignación excepcional de dúas paradas distintas a un mesmo escolar (sentencia ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e garda compartidas aos pais, informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible de ambas as dúas persoas titoras do menor ou dunha, no caso das familias monoparentais).

3º. Compromiso de utilización continuada, ao longo do curso escolar, das dúas paradas asignadas”

4º. Constatación pola dirección do centro da existencia nas rutas establecidas ao colexio da segunda parada solicitada e da dispoñibilidade na ruta de que dita parada forma parte de prazas libres.

PARA A ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN, TEMOS DE PRAZO DO 1 AO 8 DE XULLO, PEDINDO CITA PREVIA PARA PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN.

As rutas que temos autorizadas ata o día de hoxe (e que poden ser susceptibles de cambio para o vindeiro curso) son:

RUTA 1. : AS CAVADAS/ FERREIRA DE SUSO

AS CAVADAS, A LAGOA, FERREIRA DE SUSO, REFINGOI, CASTRO DA IGREXA (CAZÁS/ DÁRSENA)

RUTA 2.: PORTOSILVA/ CRUCE A PÍA (DÁRSENA)

A CRIBA, CASTIÑEIRAS, CRUCE A PÍA (DÁRSENA), A MOSA, OS FORNOS, A TOUZA, PORTOSILVA, LEBORE, A CASANOVA (DÁRSENA), O PASADOIRO, O AGUILLÓN.

RUTA 3. : A PIGAROA/ OS CARPIZOS

A PIGAROA, OS CARPIZOS, A SILVELA/CRUCE

RUTA 4. : ROUPAR/ A VEIGA

ROUPAR (anterior Campo da Feira), CRUCE VILAR, SANCHE GRANDE, SANCHE PEQUEÑO, ZALAROIA DE ABAIXO, O CAMPO, O SANGRADOIRO, A VEIGA,

CODESO, POUPARIÑA, XOVE NOVO.

RUTA 5. : BUXIBÁN/ CRUCE VIEIRO-FOLGOSO

ESCOLA VELLA CANDAMIL DÁRSENA (a anterior Candamil Dársena II), O CHAO I (DÁRSENA), CANDAMIL (a anterior Picoucelo-Candamil), CRUCE VIEIRO / FOLGOSO, ALBOIANA, A PENAPARDA, CARBALLAL , BUXIBÁN, PICOCEULO – CANDAMIL, O UZAL, REVELLÓN, SAN MARTIÑO, A ESCRITA, O FEAL, VILACHÁ.

Unha aperta!!